

O SENADO APROBA UNHA MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO AO GOBERNO QUE NON SUPRIMA A TARIFA NOCTURNA

A iniciativa de Xosé Manuel Pérez Bouza foi apoiada por todos os grupos políticos, agás o PSOE

Madrid, 19 Xuño 08. A Comisión de Industria do Senado aprobou esta mañá unha moción do senador do BNG, Xosé Manuel Pérez Bouza pola que se lle demanda ao Goberno que non suprima a tarifa eléctrica nocturna "debido á negativa repercusión económica que tería sobre os consumidores".

A moción do BNG foi apoiada por todos os grupos da Cámara Alta (PP, CiU, PNV, Entesa Catalana e Mixto) e só contou co voto en contra do PSOE.

En concreto, a moción do BNG aprobada hoxe insta ao Goberno a que "derroque a nova modalidade tarifaria de discriminación horaria e reimplante a tarifa eléctrica nocturna, de forma as economías domésticas non sufran unha suba desproporcionada na tarifa eléctrica":

"Non é de recibo pretender aplicar neste momento un cambio de tarifa que sería lesivo para as economías domésticas"

Pérez Bouza subliñou que "o Goberno ten que ter en conta que o contexto económico actual de crise non é o máis idóneo para proceder a realizar cambios normativos que, indirectamente, supoñan un incremento da tarifa eléctrica inasumíbel e lesivo para as economías domésticas", xa que poderían incrementar o recibo da luz entre un 20 e un 70%.

Ademais, advertiu de que "a supresión da tarifa eléctrica nocturna prexudicaría gravemente a máis dun millón de familias que están subscritas a este contrato en todo o Estado, dos que unha boa parte (160.000 fogares) en Galiza".

Neste sentido, alertou de que a maioría destes abonados á tarifa nocturna "non poderían aboarse á tarifa social que propón como alternativa o Ministerio, xa que terían que contratar unha potencia superior ao umbral máximo que plantexa o goberno (3 kw)".

Por último, o senador do BNG agradeceu o apoio das restantes forzas políticas e lamentou que o PSOE votase en contra dunha iniciativa "que só persegue que as reformas que se fagan no recibo da luz non prexudiquen aos sectores sociais máis necesitados de axuda".

SAÚDOS: GABINETE DE PRENSA DO BNG